



ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OEP 2023

Sendo as 10:00 horas do día 26 de febreiro de 2026, en sesión telemática celebrada mediante videoconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 20224 e 2025 (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 2 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe. A xuntanza ten por obxecto estudar o escrito presentado por Antía Rodríguez Constela, con núm. rexistro de entrada 202699900000627 do 21.02.2026, no que expón e solicita:

«EXPONE

Primero. – Que ha participado en el primer ejercicio del proceso selectivo, el cual se realizó en lengua gallega, al no existir opción de elección en la instancia de participación y no haber advertido dicha circunstancia en el momento de la presentación de la solicitud

Segundo. – Que su lengua habitual de estudio y preparación es el castellano, lo que resulta más adecuado para la correcta comprensión de los enunciados y desarrollo de las pruebas.

Tercero. – Que, actuando con el máximo respeto a las normas del proceso selectivo y a la discrecionalidad del tribunal calificador, solicita que, si resulta posible, los próximos ejercicios puedan ser realizados en castellano.

Cuarto. – Asimismo, y con el fin de ajustarse estrictamente a lo establecido en las bases de la convocatoria, solicita aclaración sobre el uso de textos legales en papel durante la realización de las pruebas, en concreto, si está permitido acudir con la legislación únicamente subrayada, sin anotaciones, comentarios, marcas manuscritas adicionales ni contenidos que alteren el texto original.

Por todo lo expuesto SOLICITA

Primero. – Que, para los restantes ejercicios del proceso selectivo, y si el Tribunal lo considera procedente, se le permitan realizar en lengua castellana.

Segundo. -Que se confirme expresamente si es admisible el uso de legislación exclusivamente subrayada conforme a las bases de la convocatoria.»

En primeiro lugar, respecto ao exposto e solicitado no punto primeiro, compre recordarlle á solicitante que as bases xerais reguladoras deste proceso selectivo, publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025, dispoñen na súa base 3ª, punto 6, o seguinte: **«6. As persoas aspirantes poderán elixir en cal dos dous idiomas oficiais na comunidade autónoma de Galicia queren realizar o seus exames, para o cal, deberán facelo constar na súa solicitude. De non indicalo expresamente, os cuestionarios das probas selectivas distribuiranse, por defecto, en galego.»**

Que a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa indicación do idioma no que farían os seus exames publicouse no BOP núm. 247 do 26.12.2025, dando un prazo de 10 días hábiles aos efectos de reclamacións. Na citada publicación figura o idioma de exame da aspirante cunha G (galego) e cunha chamada ⁽¹⁾ explicada na derradeira fila da táboa coa seguinte lenda: «⁽¹⁾ Base 3ª.6 das bases xerais reguladoras da convocatoria».

Non consta no prazo de alegacións á citada lista provisional que a interesada formulase ningún tipo de alegación.

Consta na súa solicitude presentada o 09.12.2025, con núm. de rexistro de entrada 202599900004477, asinado pola peticionaria o Anexo II no que declara: «*Que coñezo e acepto incondicionalmente as bases xerais e específicas que rexen o presente proceso selectivo*»

Polo que, o Tribunal en aplicación das bases reguladoras do proceso selectivo e vinculado por éstas, proporcionaralle á peticionaria o cuestionario das seguintes probas en galego, como indica a base 3ª.6 indicada, sendo elección da aspirante o idioma no que realice a proba.

Respecto á segunda petición, efectivamente a lexislación a empregar no segundo exercicio da oposición, pode estar subrayada, o que non pode é conter ningunha anotación, nin comentario, nin marcas manuscritas ou de calquera outro tipo adicionais, nin contidos que alteren o texto orixinal.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria